

ANUNCIO CONCELLO DE RODEIRO

EXPOSICIÓN PÚBLICA E COBRANZA EN VOLUNTARIA DAS TAXAS E PREZOS PÚBLICOS POR: Recollida Lixo do 1º Semestre 2008.

Aprobados pola Dirección deste Organismo Autónomo os Padróns arriba indicados, poranse ó dispor do público no **Concello de RODEIRO**, desde o día **4 de decembro de 2009 ó 24 de decembro de 2009, ámbolos dous inclusive** (art. 86.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do RXAP e PAC), podendo os interesados, durante dito prazo, examina-los mesmos e presentaren recurso de reposición perante a Dirección do Organismo Autónomo Provincial de Xestión de Recursos Locais da Deputación Provincial de Pontevedra **no prazo dun mes a contar desde o 25 de decembro de 2009** (art. 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

De conformidade co previsto no art. 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, en relación cos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, R.D. 939/2005 do 29 de xullo de 2005, comunícaselles ós contribuíntes afectados que **o período voluntario de cobranza** das Taxas indicadas, para o **Concello de RODEIRO**, será do día **04 de decembro de 2009 ao 05 de marzo de 2010, ámbalas dúas datas inclusive**. Tendo en conta que o prazo límite de ingreso será o **día 05 de marzo de 2010** no horario de caixa de cada entidade bancaria colaboradora (art. 19.3 do Regulamento Xeral de Recadación, R.D. 939/2005).

As Taxas deberán satisfacerse, consonte co artigo 23 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación (R.D. 939/2005), a través de calquera entidade bancaria ou na caixa dos Servizos Centrais do ORAL, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá, ata o día **05 de marzo de 2010**, obter un duplicado na **Oficina Periférica da Comarca do Deza (Rúa Garda Civil, 26 baixo. 36500 – Lalín. Tlf. 986 78 04 47)**, nos **Servizos Centrais** (Avd. de Marín, 9 - 36071 – Pontevedra. Tlf.- 986 85 99 93) ou na Oficina Periférica máis próxima o seu domicilio.

Os contribuíntes que a **20 de febreiro de 2010** non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o **05 de marzo de 2010** para os solicitar na oficina indicada e efectua-lo pagamento nas entidades bancarias ou nos Servizos Centrais, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento e non impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó abeiro do art. 102 da Lei 58/2003, 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixan nos arts. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.



Pontevedra, 24 de novembro do 2009
O DIRECTOR,

Asdo.: Miguel Ángel Santirso Fernández